

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 95

ano 16

xullo-agosto 2022

Os arquivos dos mosteiros (IV): A DEFENSA DE BENS E DEREITOS


Dende a Idade Media os mosteiros acumularon un **inxente patrimonio** constituído por bens raíces e dereitos de distinto tipo, como o señorío xurisdiccional sobre certos territorios ou a percepción de rendas eclesiásticas como o décimo, entre outros. A **xestión destes bens e dereitos** implicaba a cobranza de rendas da terra e de cargas vasaláticas de distinto tipo que non sempre eran aboadas de bo grado polos pagadores. Por outra parte, a titularidade deses bens e dereitos podía ser reivindicada por outras institucións relixiosas ou directamente usurpada pola nobreza. Chegados a este punto, aos mosteiros do Antigo Réxime non lles quedaba outra opción para a defensa do seu patrimonio que a vía xudicial, o que lles xeraba onerosos gastos.

Despois da reforma observante, operada entre finais do século XV e principios do XVI, tanto os mosteiros como os conventos perfeccionaron os sistemas de xestión do seu patrimonio a través de distintas fórmulas entre as que tiña grande importancia unha **contabilidade rigorosa** levada a través de libros nos que se anotaban detalladamente os ingresos e os gastos. Algúns destes libros dedicáronse a rexistrar os gastos xerados polos mencionados litixios.

Este é o caso do **Libro de preitos de Santa M^a. a Real de Oseira**, un volume relativo a todos aqueles gastos ocasionados polos contenciosos nos que se viu envolto o dito mosteiro. En tanto que desembolsos relacionados coa **actividade xudicial**, tamén aparecen anotados neste libro aqueles derivados da expedición de documentos legais, os salarios pagados aos escribáns, notarios, procuradores, avogados, etc., así como as **gratificacións** entregadas aos relatores e outros funcionarios dos altos tribunais de xustiza para que axilizasen a tramitación dalgúns preitos, emitisen informes favorables aos monxes, etc.

Este libro de preitos consta de 202 folios escritos en letra humanística de coidada caligrafía. O seu particular **valor informativo** vén dado pola súa complementariedade con outras fontes documentais de natureza xudicial, así como polo amplo abano de posibilidades que ofrece para a investigación sobre unha institución monástica da envergadura de Oseira. As datas extremas do

libro (1741-1835) sitúanos nun momento crucial do seu devir histórico, o outono da Idade Moderna, permitindo esclarecer a composición dos gastos xudiciais e extra-xudiciais e determinar os ciclos de maior ou menor intensidade litixiosa, a variada casuística existente ou a socioloxía dos litigantes.



1741-1835. [Oseira (Ourense)]
Libro de preitos do Mosteiro de Sta. M^a a Real de Oseira
Papel; escritura humanística; castelán; 300 X 205 mm
AHPOu, Mosteiro de Sta. M^a. a Real de Oseira, L. 607, fol. 38 r.

O patrimonio monacal e a súa defensa

Dende que un mosteiro era fundado -o de Oseira en 1137- as súas posesións e prebendas non deixaban de medrar grazas ás abundantes doazóns reais e pontificias, ás doazóns privadas executadas por nobres, señores e campesiños, así como por unha intensa actividade de compravendas e permutas que acrecentaban paseniñamente a facenda monacal. Esta atópase estabilizada nas súas liñas básicas dende o século XVI, coincidindo coa integración dos mosteiros nas **congregacións observantes**: a de Castela, no caso dos cistercienses, e a de San Benito de Valladolid, no casos dos bieitos.

Polo tanto, como xa se indicou, os mosteiros, asentaban a súa economía na propiedade de amplos e dispersos **dominios territoriais** cuxa explotación indirecta, en expansión dende o século XIII e plenamente consolidada no século XVI, condicionaría unha dependencia fundamental da **renda da terra**. A grande abadía cisterciense de Oseira, situada no flanco noroccidental da provincia de Ourense (concello de San Cristovo de Cea), é un exemplo paradigmático deste tipo de institucións.

A este amplo dominio territorial había que engadir un considerable **poder xurisdiccional**. Así, cara 1760 o mosteiro de Oseira estendía o seu dominio sobre uns 3.285 vasalos e 167 km², un señorío de nivel medio tan só superado no ámbito eclesial polo arcebispo de Santiago e os mosteiros bieitos de San Salvador de Celanova (con 8.626 vasalos repartidos nuns 422,23 km²) e San Martiño Pinario (con 4.371 vasalos que se dispersaban por uns 450,14 km²), quedando moi afastadas as restantes abadías bernardas asentadas en Galicia, entre as que destacarían Sta. María de Sobrado, con 1.996 vasalos repartidos en 285,71 km², Sta. María de Meira, con 1.300 vasalos e 168,89 km², ou Sta. María de Melón, con 1.279 vasalos espaxados nuns 105,09 km². A defensa deste amplo dominio xurisdiccional e territorial atopárase na base da **crecente litixiosidade** que aparece recollida no *Libro de preitos* de Oseira.


A “engrenaxe” da máquina xudicial

Os cuantiosos gastos consignados nese *Libro de preitos* (1741-1835) dan boa conta do **mecanismo xudicial** coercitivo activado dende o Mosteiro de Oseira co único propósito de defender o seu amplo patrimonio raíz e o sistema de prebendas e mercés gozadas no contexto dunha sociedade estamental fortemente discriminatória e xerarquizada. Non se debe esquecer a cronoloxía deste libro, é dicir a última etapa do Antigo Réxime, na que comezan a poñerse en interdicto moitos dos privilexios do estamento eclesiástico co conseguinte **incremento da litixiosidade** e os dispendios destinados aos gastos xudiciais.

De todos os xeitos, a meirande parte dos preitos nos que participaría o Mosteiro de Oseira terían un cariz defensivo, e sairá vitorioso ou “convenido” nunha porcentaxe moi elevada de casos. O seu poderío, como o doutras abadías tales como Santo Estevo de Ribas de Sil

ou San Martiño Pinario convertíao, en palabras de Emilio Duro Peña, nunha “potencia temible en el litigio”. Este mesmo autor reproduce un dito popular que expresaba en ton blasfemo esa realidade: “con un fraile no puede nadie; con dos, ni Dios; con una comunidad, ni la Santísima Trinidad”.

O poder destes mosteiros víase acrecentado polo das congregacións observantes das que formaban parte, xa



Gasto en regalos do Mosteiro de Oseira para Valladolid, Madrid e avogados, entre 1774 e 1775, consignado no seu libro de preitos. AHPOU, Mosteiro de Sta. María a Real de Oseira, L. 607, fol 82 v.

que estas contaban con eficaces **servizos xurídicos** integrados por competentes avogados e por procuradores radicados nas audiencias reais da Coruña e Valladolid, na nunciatura de Madrid e mesmo en Roma. Se a isto se lle suman as **gratificacións** que as abadías entregaban periodicamente aos distintos compoñentes do sistema xudicial, poderase entender que saísen vitoriosos na maioría dos casos nos que litigaban.

No *Libro de preitos* de Oseira pódense constatar os gastos destinados a **regalos** para xuíces e demais membros do complexísimo armazón xudicial. Neste senso, a simple observación da tipoloxía dos gastos xudiciais e extraxudiciais nada desprezables consignados ratificarían esa **estratexia de poder** que se explicita de xeito clarividente na seguinte anotación: “Para los agasajos precisos de abogado, relator y otros sugetos de chanzillería, se remitieron seis barriles de arroba cada uno de escaveche de lenguado y rodavallo i tubieron de coste con la condución desde el puerto de Marín setezientos y veinte reales. Siete docenas de pernils, inclusa una docena que fue para el padre maestro procurador, que todos pesaron quinientas ochenta i ocho libras a dos reales y medio la libra, mil quatrocientos i setenta reales. Por llevarlos a Valladolid llevó el maragato duzientos noventa y nueve reales” (fol. 81 v.).

Texto: Juan M. Rodríguez Rodríguez. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense



Xacobeo 21-22